

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL
E MARIÑO

9733 *Real decreto 773/2011, do 3 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 3/2002, do 11 de xaneiro, polo que se establecen as normas mínimas de protección das galiñas poñedoras.*

A normativa en materia de protección de galiñas poñedoras establece as características dos distintos sistemas de cría, así como as súas condicións de utilización.

O Real decreto 3/2002, do 11 de xaneiro, polo que se establecen as normas mínimas de protección das galiñas poñedoras, establece no seu artigo 3.2, alínea a), que a cría en gaiolas non acondicionadas quedará prohibida a partir do 1 de xaneiro de 2012. Para asegurar o cumprimento da normativa é conveniente que os titulares das explotacións realicen a planificación necesaria e que a autoridade competente realice o seu labor de vixilancia, a fin de garantir as prácticas equitativas na produción gandeira.

Desta forma, a aplicación da normativa vixente realizarase de forma homoxénea e aqueles operadores que cumpran coa normativa non se encontrarán nunha situación de desvantaxe con respecto a aqueles que non a cumpran, dado que realizar os cambios necesarios para cumprir a normativa supón realizar un investimento económico na explotación e manter os animais a unha densidade menor.

Convén prever, así mesmo, un sistema reforzado de información sobre o resultado dos controis oficiais, en particular dos realizados nos primeiros meses do ano 2012, que axuden a coñecer a situación en todo o territorio nacional.

Finalmente, cómpre adaptar o réxime sancionador á Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio, publicada con posterioridade ao dito real decreto e que, por tanto, non figura nel.

Dado o marcado carácter técnico desta norma, considérase axustada a súa adopción mediante real decreto.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de xuño de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 3/2002, do 11 de xaneiro, polo que se establecen as normas mínimas de protección de galiñas poñedoras.*

O Real decreto 3/2002, do 11 de xaneiro, polo que se establecen as normas mínimas de protección de galiñas poñedoras, queda modificado como segue:

Un. O contido do artigo 7 substitúese polo seguinte:

«En caso de incumprimento do disposto neste real decreto será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio.»

Dous. Engádesse un novo artigo 8, co seguinte contido:

«Artigo 8. *Implementación.*

1. Os titulares das explotacións que non dispoñan dos sistemas de cría establecidos nos anexos III ou IV, e que a partir do 1 de xaneiro de 2012 desexen seguir producindo ovos, remitirán á autoridade competente, antes do 1 de xullo de 2011, un plan de adaptación. O dito plan terá que garantir, a xuízo da autoridade competente, que a explotación estará adaptada aos requirimentos da normativa vixente na data prevista e conterà, polo menos, a información mínima prevista no anexo V.

2. A autoridade competente realizará un seguimento do cumprimento do dito plan de adaptación e efectuará, se for o caso, controis específicos a partir do 1 de xaneiro de 2012 en todas as explotacións que aínda non dispoñan o 1 de decembro de 2011 dos sistemas de cría establecidos nos anexos III ou IV.

3. Antes do 1 de marzo de 2012 a autoridade competente fará chegar ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño un informe sobre a situación de todas as explotacións de galiñas poñedoras que presentasen o plan de adaptación previsto no número 1, así como un resumo estatístico da situación de todas as explotacións situadas no seu ámbito territorial, de acordo co formato establecido no cadro 1 do anexo IV da Decisión 2006/778/CE, do 14 de novembro, pola que se establecen requisitos mínimos para a recollida de información durante a inspección de unidades de produción en que se manteñan determinados animais con fins gandeiros, así como a información prevista no artigo 8.2.b) da dita decisión.»

Tres. Engádesse un novo anexo V, co seguinte contido:

«ANEXO V

Contido mínimo do plan de adaptación, de acordo co artigo 8.1

1. Datos do titular da explotación:
 - 1.1 Nome /razón social.
 - 1.2 Enderezo.
 - 1.3 Teléfono.
 - 1.4 NIF.
2. Código REGA da explotación.
3. Datos da subexplotación:
 - 3.1 Número de naves.
 - 3.2 Capacidade máxima.
 - 3.3 Censo (declaración anual obrigatoria 2010).
4. Para cada nave con categoría de produción de ovos das indicadas no punto anterior:
 - 4.1 Forma de cría (actual e prevista tras a adaptación).
 - 4.2 Capacidade por categoría de forma de cría, rexistrada en REGA (actual e prevista tras a adaptación).
 - 4.3 Censo por categoría de forma de cría no día que se presenta o plan de adaptación e o previsto tras a adaptación.
 - 4.4 Densidade, ou superficie dispoñible, dos animais no día que se presenta o plan de adaptación e a prevista tras a adaptación.
 - 4.5 Data de entrada da manda presente na nave.
 - 4.6 Data de saída prevista da manda presente na nave.

5. Información sobre o plan de adaptación, para cada unha das naves indicadas no punto 3.1 que necesiten ser adaptadas:

5.1 Data prevista de inicio e de finalización das obras.

5.2 Data prevista de entrada de animais tras reconversión.

5.3 Documentos de verificación que se presentan (contrato de obra, factura pro forma, etc.).»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de xuño de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño,
ROSA AGUILAR RIVERO